



Cristian Mera
Candidato de EU á
Alcaldía de Cedeira



esquerda unida

**a forza da
alternativa**

esquerdaunida.org

Por un municipio mais forte

Transformemos Cedeira

PROPOSTAS PARA TRANSFORMAR CEDEIRA

1. PLAN XERAL DE ORDEACIÓN URBANA.

- » Propoñemos un plan de ordeación urbana que pretenderá a regulación do que xa está feito e ordear o futuro desenvolvemento urbano do entorno.
- » Incluirá cando menos, os entornos de Vilacacín, A Ribeira, Os Candales, A Trabe-Montemeau, O Beco-Cordobelas, Santalla, Santallamar E O Barral.
- » Zonas que han de pretererse urbanisticamente o efecto de impedir a construción indiscriminada.
- » Este proxecto suporá un considerable aforro ó concello de cara a dotación de servizos.
- » Neste plan contemplase a creación dun gran parque natural na área comprendida entre a estrada de Ferrol e San Isidro, o efecto de dotar a cedeira dun pulmón natural.

2. CARRETERA DE SAÍDA DO POLÍGONO

- » O enlace Cedeira-Ferrol-Narón. E absolutamente necesario e vital dotar ó polígono dunha estrada que o una coa carretera de Ferrol.


3. A CARRETERA Ó PORTO DE CEDEIRA

- » Dita estrada é vital para o futuro desenvolvemento do porto de Cedeira en tódolos seus posibles aspectos; pesqueiro, turístico e madeireiro.

4. SOLUCIÓN Ó PROBLEMA DA PRAIA DA MAGDALENA

- » É unha cuestión ésta que se pode abordar dende moitos puntos de vista:
- » Nosoutros propoñemos o máis xinxelo e económico.
- » O mesmo que na Coruña, San Sebastián se abordou esta solución, nos pensamos que para evitar o gasto anual continuado de repoñer a área que o mar leva nunha tarde, poderase facer un muro de protección das dunas. Feito de maneira axeitada e co custo necesario, o que nos permitiría conservar o espazo natural das dunas, evitar costes, e dispoñer sempre a media-marea de praia suficiente para os bañistas.

5. PLAN INTEGRAL PARA SAN ANDRÉS DE TEIXIDO

- » Si alguén coñece santuarios como Covadonga, Guadalupe, ou Montserrat; darase conta de que o noso San Andrés 
- » Nosoutros propoñemos crear un patronato ou fundación para promover de inmediato a construción dun santuario axeitado e integrado no entorno, que sexa non só un símbolo relixioso, senón que tamén da nosa terra.
- » Non se pretende facer ningunha catedral nin cousa polo estilo, senón algo que resulte asumible as nosas posibilidades,



tendo en conta que tería que ser financiado por institucións públicas, privadas, e donacións de particulares. A tal efecto propoñemos a inmediata disolución do actual patronato de San Andres, que non fixo absolutamente nada para potenciar un dos centros de peregrinación mais senlleiros da cristiandade, somentes se adica a “carretar” os “diezmos” para Mondoñedo.

- » Dito patronato ha de constituirse de maneira tal que poida aceptar herencias, donacións, etc. e estará fiscalizado externamente, asignándose anualmente un novo fiscalizador.
- » Este plan contaría tamen coa construción dun Parador na zona do Ouzal, un auténtico balcón natural, baixo o control da Administración en materia de estudo de impacto no entorno, e na súa construción con materiais nobles.
- » Dado o noso carácter fundamentalmente laico e aconfesional, aquí non se trata de ningunha promoción do catolicismo, e un plan contemplado dende a perspectiva da transformación para o futuro da vila.

6. PLAN INTEGRAL PARA A ZONA DO TOXO E A SERRA DA CAPELADA

- » Posta en marcha dunha área de hípica e dun parque vacacional.

7. CREACIÓN DA CONCELLERIA

de agricultura e creación dunha gran cooperativa agropecuaria cedeiresa

8. PROPOÑEMOS A CREACIÓN

dun centro de día para persoas maiores e da terceira idade

9. POREMOS EN MARCHA UN PLAN DE EMPREGO MUNICIPAL

- » Un Plan de emprego dirixido a xuventude e as persoas en situación de desemprego de longa duración.
- » Un plan de apoio a empresa local e pequeno comercio. Un plan de apoio a empresa local, e autónomos, para evitar a deslocalización, e manter e crear emprego
- » Un plan para a creación dun viveiro de empresas no polígono da Trabe.

10. CULTURA E DEPORTE

- » Fomento da cultura entendida como medio crítico e de transformación da sociedade.
- » Apoio as entidades culturais.
- » O deporte entendido como un dereito.
- » Propoñemos a mellora e a creación de novas instalacións para: atletismo, monopatíns, bicicleta, etc.

Apoiaremos todas aquelas iniciativas sen ánimo de lucro, que xeren beneficio para o pobo.



esquerda unida

a forza da
alternativa

esquerdaunida.org

